

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1218).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1219).- ADXUDICACIÓN DA PRODUCCIÓN DAS FESTAS DE VERÁN E DA SEMANA GRANDE DE VIGO- 2008. EXPTE. 2769/335.

Examinada a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación na súa sesión de data 24.07.08, así como os informes da Intervención Xeral e do xefe do Servizo de Animación Sociocultural de data 29.07.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar o lote núm. 1 (Auditorio de Castrelos) do servizo de produción das festas do verán e da Semana Grande de Vigo-2008 á mercantil PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.A., por un importe, IVE, engadido, de 264.798,87 €.

Segundo.- Adxudicar o lote núm. 2 (Peirao de Transatlánticos) do servizo de produción das festas do verán e da Semana Grande de Vigo-2008, á mercantil MEDIA ARTICKET, SL, por un importe, IVE engadido, de 150.000 €.

Terceiro.- No lote núm. 3 (Praza da Estrela) a empresa ofertante deberá xustificar as solvencias esixidas no PCAP.

Cuarto.- De conformidade co previsto no informe de data 17.06.08 do xefe do Servizo, os pagamentos realizaranse con cargo á partida que corresponda a través da conta habilitada ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080.0000.77.0040277241.

Quinto.- Notificar o presente acordo ás mercantís interesadas ó obxecto de que cumprimenten o sinalado na cláusula 6.4.2. do PCAP e procedan, no prazo establecido, a asinar o documento formalizador do contrato.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral a efectos da súa anotación contable.

3(1220).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA RÚA TEÓFILO LLORENTE E DO INICIO DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS. EXPTE. 4474/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 24 de xullo, emitido pola xefa de Patrimonio Histórico, coa conformidade do xefe da área de Contratación e máis da concelleira delegada e co selo do "Intervido e conforme" do interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de execución das obras de remodelación da rúa Teófilo Llorente, encargado polo Concello de Vigo e redactado pola empresa Plans Estratéxicos Territoriais de Transportes e Ambientais, S.L. (PETTRA), e que conta con informe favorable dos técnicos municipais, proxecto que servirá como prego de prescricións técnicas da contratación das obras.

2º.- Autorizar o gasto de 994.308,56 euros para a contratación das obras de remodelación da rúa Teófilo Llorente, que se imputarán á partida presupostaria 45316110000 I FASE PLAN MOBILIDADE CASCO VELLO dos vixentes orzamentos.

3º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras polo Concello de Vigo xunto coa folla de especificacións do contrato (FEC).

4º.- Convocar a licitación para a selección do contratista polo procedemento negociado con publicidade e declarar a urxencia do mesmo polos motivos que se recollen no informe proposta do Servizo de data 21/07/2008 e que forma parte do expediente de referencia.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.